

Referencia:	2023/6857P
Procedemento::	Procesos de selección de personal funcionario interino o laboral temporal mediante procedimiento ordinario
Interesado:	
Representante:	
SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN (2246)	

**PROBAS SELECTIVAS PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE NOMEAMENTOS INTERINOS DA CATEGORÍA DE ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL (SUBGRUPO C1) AO SERVIZO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E DO INORDE**

**ACTA DE CONVOCATORIA DA PROBA PRÁCTICA**

Na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, ás 16:00 horas do día 31 de outubro de 2023, procédese á constitución do tribunal que xulgará o proceso selectivo para a creación dunha bolsa de nomeamentos interinos da categoría de administrativo/a de Administración xeral (subgrupo C1) ao servizo da Deputación Provincial de Ourense, segundo bases aprobadas por Resolución da Presidencia do 03 de maio de 2023 e publicadas no BOP do día 15 de maio de 2023.

Estando presentes os membros do tribunal que se relacionan, e unha vez advertida a existencia de quorum, queda constituído na seguinte forma:

Presidente: don Manuel Pérez Nieto

Vogais: dona Mónica Legaspi Díaz, dona Adamantino Barreiro Garcia, dona María Isabel Rodríguez Carrera e don Esteban Fernández Álvarez

Secretaria: dona María Ángela Garrido Movilla

Por parte da Presidencia expónse que o obxecto desta sesión é proceder á convocatoria da proba práctica, que de acordo co establecido na base oitava das bases reguladoras da convocatoria, realizarase do seguinte xeito:

A proba práctica estará relacionada de xeito directo cos cometidos propios do posto de oficial/a de Administración ou similar, así como no temario recollido nas ditas bases. Será determinada polo Tribunal de selección na mesma data da súa realización. As actuacións desenvolvidas na reunión na que se estableza o contido da proba que se vai realizar recolleranse na acta correspondente.

En caso de que o Tribunal o considerase necesario, polas especiais características do posto, poderá solicitar previamente a contratación e/ou asistencia dun asesor ou asesora técnico/a especializado/a para a realización e avaliación da proba selectiva.

As funcións dos postos de traballo para os que se convoca a praza son, con carácter xeral, as seguintes:

- a) Asumir a xestión, tramitación e seguimento administrativo dos expedientes e asuntos propios da área ou servizo correspondente nos termos establecidos na RPT e co alcance sinalado pola normativa de aplicación para o persoal pertencente á subescala administrativa de Administración xeral.
- b) Colaborar na organización do respectivo servizo.
- c) Redactar acordos ou resolucións de conformidade cos modelos que lle sexan facilitados.
- d) Informar e atender o público.
- e) Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

Valorarase a formación e o grao de coñecementos amosados no desenvolvemento da proba. O tempo máximo de desenvolvemento será de dúas horas. A puntuación máxima que se lle pode outorgar á proba práctica será de 30 puntos (equivalente ao 60% do valor total máximo alcanzable no proceso selectivo). A puntuación necesaria para superar esta fase será a metade da máxima establecida.

O tribunal realiza a distribución de materias para a preparación da dita proba.

De seguido o tribunal acorda **convocar ás persoas candidatas para a realización da proba práctica, no Pazos dos Deportes “Pacos Paz” da Deputación Provincial de Ourense (Finca Sevilla n.º 41, 32005 Ourense) o día 21 de novembro de 2023, martes, ás 16:30 hs. Deberá acudirse provisto do seu DNI e bolígrado.**

E ás 17:00 horas, dáse por finalizado o acto, asinando os que interveñen. Dou fe.